

TRABALLO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A NOSA TOPONIMIA

OBXECTIVOS:

1. Investigar manexando distintas fontes: impresas, dixitais, orais.
2. Manter un contacto interxeracional coa xente da nosa contorna, interesándonos pola nosa cultura, pasado... axudando a manter viva nas xeracións máis novas a nosa identidade.
3. Recoller datos, reflexionar e extraer conclusións.

TAREFAS-CONTIDOS:

1. Elaboración dun mapa con datos das poboacións dos concellos aos que pertence o noso alumnado.
2. Estudo comparativo da nomenclatura oficial // popular// rótulos...
3. Recollida de microtoponimia mediante interacción xeracional (información sobre a orixe popular do nome, historia, lendas, usos e outras informacións interesantes relacionadas co lugar).
4. Achegamento etimolóxico sempre que sexa posíbel.
5. Elaboración dun roteiro natural polos espazos recollidos.
6. Presentación do traballo (incluírá a competencia oral, escrita e dixital).
7. Conclusións.

BIBLIOGRAFÍA:

Toponimia e xentilicios

- [Nomenclátor de Galicia](#). Todos a toponimia galega na súa forma oficial. [Aquí](#) sobre un mapa e aquí no web de [Toponimia de Galicia](#).
- [ITGM – Inventario Toponómico da Galicia Medieval](#). Formas medievais dos topónimos.
- [Aquén](#). Ferramenta que permite coñecer, localizar xeograficamente e visualizar cuantitativamente os topónimos oficiais galegos.
- [Chamámonos así](#). Base de datos dos microtopónimos recollidos polo Concello de Pontevedra nas súas parroquias. [Aquí](#) podes consultar o blogue sobre a recollida.
- [Toponimia de Vigo](#). Blogue do Concello de Vigo recollendo topónimos das parroquias.
- Colección Toponimia do Val de Fragoso [PDF: [Coia \(mapa\)](#), [Lavadores](#), [Beade](#), [Freixeiro e Sárdoma](#)]. Libros e mapas da colección de toponimia do Val do Fragoso, editados pola ANL da Universidade de Vigo en colaboración co SNL do Concello de Vigo.
- [Asociación galega de onomástica](#). Asociación que ten o fin de impulsar traballos dedicados á conservación, divulgación e investigación dos nomes de persoas e de lugar.
- Os xentilicios de Galicia e dos outros territorios de lingua galega ([PDF](#)). Obra de

Xosé-Henrique Costas.

- [Xentilicios do mundo e Xentilicios galego](#) do Galizionario (Wiktionary).
- Parte dos anteriores e outros recollidos en: <https://maos.gal/recursos/recursos-galego/>
- www.gl.wikipedia.org/wiki/Toponimia
- <http://linguagalega.org/unidades/deondees/index.html>
- <http://www.edu.xunta.es/eduga/120/foro/mirando-o-pasado-con-vistas-no-futuro-un-espazo-para-toponimia-na-aula>
- Toponimia do concello de Carballeda, Lugo:
http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/carballedo.html
- Antroponimia e Onomástica galega:
<https://www.iessanclemente.net/wp-content/uploads/2013/02/ANTROPONIMIA-GALEGA-DEFINITIVO.pdf>
- Traballo do alumnado do noso IES
<http://colegasdaspalabras.blogspot.com.es/2009/06/toponimia.html>
- Traballo do alumnado do IES Lagoa Antela:
<http://www.blogoteca.com/ofalarnontencancelas/index.php?cat=13069>
- **Toponimia de Galicia:** <http://toponimia.xunta.es/gl/inicio> (Buscador de Topónimos: Permite buscar nomes de lugares e localizalos sobre unha fotografía aérea. Para facer buscas máis complexas debe empregarse o BUSCADOR AVANZADO).
- <http://toponimia.xunta.es/gl/descargas> (Aquí pódense descargar listaxes en formato xls (Excel) coa toponimia recollida de cada concello. Para comprobar que concellos teñen recollida a toponimia de todo o termo municipal, ou só de unha ou varias parroquias, véxase o mapa de estado por concellos na pestana PTG.).
- https://academia.gal/documents/10157/704901/Estudos+de+Onomastica+Galega_Microtoponimia.pdf
-
- **LIBROS IMPRESOS**
-
- TOPONIMIA DE GALICIA . 2008 □ Autor. Fernando Cabeza Quiles. Editorial. Galaxia
- OS NOMES DA TERRA, TOPÓNIMOS GALEGOS. Autor: Fernando Cabeza Quiles. Editorial: Toxos Outos.
- NOMES DO RIBEIRO. Autor: Frutos Fernández González.
- VARIOS MANUAIS DA TOPONIMIA DO NORTE DE PORTUGAL.
- **DICIONARIOS EN REDE:**
- <http://digalego.xunta.gal/digalego/Html/index.php>
- <http://academia.gal/diccionario#inicio.do>
<http://www.estraviz.org/>

- **OUTROS DICIONARIOS:**

- DICCIONARIO DOS NOMES GALEGOS DE IR INDO.
- DICIONÁRIO DA LÍNGUA GALEGA DE SOTELO-BLANCO.
- DICCIONARIO DA LINGUA GALEGA DE XERAIS.

Onomástica:

- **Nomes e apelidos**
- https://academia.gal/documents/10157/704901/Estudos+de+Onomastica+Galega+II_Os+nomes+e+apelidos.pdf
- [Cartografía dos apelidos de Galicia \(CAG\)](#). Ferramenta para coñecer a difusión territorial dos apelidos de Galiza.
- [Caixa de apelidos](#), cos seus significados, da Mesa pola Normalización Lingüística.
- [Caixa de nomes](#), cos seus significados, da Mesa pola Normalización Lingüística.
- [1000 nomes en galego](#). Traballo realizado por X. Henrique Costas González.
- Nomes dos recién nados, [nenas](#) e [nenos](#), ordeados por frecuencia de uso, segundo o Instituto Galego de Estatística. Moita Sara e moito Hugo naceron no 2012!
- [Chámate con Xeito](#). Campaña de onomástica promovida pola Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo. Ten lista de nomes con significado e un simulador de nomes e apelidos en correcto galego e correcto castelán.
- [Ímoslle chamar](#). Escolma de nomes e apelidos con significado e orixe.

Esta clasificación dos Topónimos pode axudarche:

http://linguagalega.org/idades/deondees/que_un_topnimo.html

Denominamos **topónimo a un NOME DE LUGAR** que designa un ámbito espacial individualizable e que por tanto nos axuda a localizalo nunha paisaxe ou mapa. Os nomes de lugar poden designar entidades de poboación, por exemplo cidades, vilas, aldeas ... e falaríamos entón de **toponimia maior**; ou ben poden designar o nome doutros lugares coma leiras, muíños, covas... e nese caso fálase de **microtopónimos**.

Tipos de topónimos atendendo ao seu significado:

FITOTOPÓNIMOS: fan referencia ás árbores, matogueiras, plantas...

ZOOTOPÓNIMOS: fan referencia aos animais.

HIDROTOPÓNIMOS: teñen na súa base o concepto de auga e refírense polo tanto a fontes, mananciais, ríos, lagos...

OROTOPÓNIMOS: teñen que ver coa orografía ou disposición do terreo (altos, depresións, zonas chás...).

LITOTOPÓNIMOS: aluden a todo aquilo que ten que ver coa pedra (de distintas formas e tamaños, grupos de pedras...).

AGROTOPÓNIMOS: están relacionadas co mundo agrícola e coas actividades que se desenvolven nel.

ECOTOPÓNIMOS: fan referencia ás construcións artificiais (grupos de casas, igrexas...) ou naturais (p. ex.: feitas por animais).

ODOTOPÓNIMOS: relacionados coas vías de comunicación (vías, camiños, corredoiras...).

HAXIOTOPÓNIMOS: baseados nos nomes de santos e santas.

ANTROTOPÓNIMOS: relacionados con nomes de persoa.

MODELO DE FICHA TOPONÍMICA

1. INFORMANTES:

Infor- mantes	Nome	Idade	Anos de residencia no lugar	Relación de parentesco	Actividade na contorna (p.e. labrego, pescador...)
1					
2					
3					
4					
5					
6					

2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA DO TOPÓNIMO

Localidade	
Comarca	
Parroquia	
Aldea	
Concello	
Outros	

3. INFORMACIÓN TOPONÍMICA

PARROQUIA// CONCELLO//PROVINCIA	
TOPÓNIMO// MICROTOPÓNIMO	
TIPO	
ORIXE	
COMENTARIO (Información explicativa do lugar) (información de interese cultural: lendas, refráns, evolución lugar, propiedade, etc.)	

4. RECOLLIDA DO NOME

VOCES AUTÓCTONAS	DOG/Nº169/29-08-1996	NOMENCLÁTOR	CARTEIS

4. INFORMACIÓN RECOLLIDA SOBRE O TOPÓNIMO

1. Cal é o nome do lugar sobre o que vas obter información?
2. Como é o nome que aparece nos letreiros e indicativos de estradas? Comproba se a xente o coñece coa mesma denominación.
3. Cal é o nome que se lles dá aos habitantes do lugar?
4. Cal é o alcume ou alcumes que reciben os habitantes?
5. Coñeces o alcume que reciben os habitantes dalgunha outra localidade diferente á súa? Escribeo xunto co topónimo
6. De onde procede o nome? (*p.e. Ribeira: localidade próxima ou á beira da auga*)
Se coñeces algunha historia relativa ao nome escríbea.
7. Que actividade de campo había ou hai nese lugar? (*p.e. Ribeira: pesca nas augas*)
8. Coñeces algún refrán, dito, cantiga, lenda en que figure o nome do lugar, da localidade, da comarca ou o nome ou alcume dos seus habitantes?
9. Bótalle un vistazo a documentos (escrituras, títulos de propiedade) nos que figure escrito o nome do lugar ou dos seus habitantes. Escribeo tal cal apareza.

Outros datos de interese sobre o topónimo (*Aquí anotarase calquera outro dato que sexa de interese e que non estivese respondido nas preguntas anteriores*)

10. Saca fotografías relevantes do lugar (de elementos que teñan relación co nome do lugar ou co seu significado; ou de elementos do patrimonio da zona).
11. Realiza unha lista de nomes tradicionais da contorna utilizados para nomear: outras aldeas da parroquia, bosques, serras, picos, terras, leiras, regos, fontes, ladeiras, penas, vales, chairas, covas, canteiras, camiños, ríos, pozos, presas, regatos, muíños, canles ou mesmo nomes tradicionais das casas.

Fala demoradamente cos informantes, preparando de maneira amena o ambiente propicio para unha conversa adecuada ás/aos [interlocutor@s](#).

Ten sempre a man onde apuntar comentarios que poidan facer. Se hai consentimento grava as conversas, poderás revisalas máis pousadamente.